

Ivda #aprensa@uvigo.es

# Unha mostra para reivindicar as artistas galegas dos 80

**G. NOVÁS** REDACCIÓN / LA VOZ

A mostra *Outras historias posibles*, que abrirá as súas portas na Cidade da Cultura o 28 de maio, reivindica o labor de seis artistas contemporáneas vinculadas a Galicia que despuntaron nos anos oitenta e cuxa obra non gozou da merecida visibilidade debido aos condicionantes de xénero, subliñan fontes da Consellería de Cultura. O proxecto reúne unha ampla escolma de pezas de Ana García Pan, Emilia Guime-

rás, Anne Heyvaert, Tusi Sandoval, Blanca Silva e Laura Terré coa vontade de festexar o seu talento e contextualizar o seu traballo, atendendo tanto ás influencias do momento histórico coma aos feitos da vida privada que determinaron o seu devir artístico. Comisariada pola docente, investigadora e crítica de arte Susana Cendán, *Outras historias posibles* pon o foco nestas seis mulleres «pola relevancia de seu que ocuparon no seu día na arte con-

temporánea, pero tamén pola diversidade da súa obra e dos relatos que a acompañan». Son historias nas que os roles de xénero, as estruturas sociais e educativas ou as tendencias e modas que priman determinados tipos de producción artística sobre outros incidiron na visibilidade das súas traxectorias, ata o punto de abandonar a creación en favor doutras saídas profesionais, como foi o caso da viñeguesa Laura Terré.

O museo Gaiás acolle este pro-

xecto co fin de sumar, a partir do seu exemplo, relatos que engadan novas perspectivas de valor para enriquecer a narrativa dominante dentro da historia da arte.

O espazo incluirá unha ampla mostra de pinturas, esculturas, xilogravías, catálogos e revistas que permiten apreciar a traxectoria destas seis artistas, todas nacidas nos cincuenta. A escolma compleméntase con entrevistas gravadas nas que son elas mesmas as que dan conta das súas inquedanzas.